

Carlos Gómez

Carlos Gómez Rodríguez é enxeñeiro doutor en Ciencias da Computación pola Universidade da Coruña, entidade para a cal traballa dende o ano 2011 como profesor adscrito á área de Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial (dende o 2022 é catedrático da mesma área). Tamén está adscrito ao centro de investigación CITIC. Anteriormente foi axudante de investigación en diversos centros de investigación coma o Instituto de Investigación en Inteligencia Artificial do CSIC no campus da Universidade Autónoma de Barcelona (UAB).

Autor de máis de cen artigos especializados, as súas liñas de investigación céntranse na Lingüística Computacional, con especial atención á análise sintáctica da linguaxe natural. A súa contribución inclúe tanto traballo teórico coma empírico sobre algoritmos de análise sintáctica baseados nos constituíntes e dependencias, ademais da aplicación da análise sintáctica a outras tarefas de procesamento da linguaxe natural e a investigación sobre aspectos cognitivos da sintaxe da linguaxe humana. Na actualidade, en 2023, é o investigador español mellar posicionado palas súas publicacións en CSRankings, o que o achega ás métricas das principais institucións do mundo en Ciencias da Computación. Recibiu o Premio Nacional de Investigación para Jóvenes 2022 "María Andresa Casamayor", na área de matemáticas e tecnoloxías da información e das comunicacións, polo impacto das súas aportacións ao desenvolvemento de algoritmos de procesamento da linguaxe natural.

Foi o investigador principal do proxecto [FASTPARSE](#), para o cal lle foi outorgada unha **ERC Starting Grant** no ano 2017 dotada cun financiamento de case 1,5 M€. Este proxecto desenvolveu novos algoritmos e técnicas para mellorar a velocidade dos analizadores sintácticos da linguaxe natural, converténdoo en axeitados para o procesamento na web, e facéndoo ademais máis flexibles e interoperables con diferentes aplicacións de procesamento de linguaxe natural. Na actualidade é investigador principal da **ERC Proof of Concept SALSA (2022)**, que ten como obxectivo aplicar as técnicas de análise sintáctica desenvolvidas en FASTPARSE á análise de opinións en redes sociais, facendo accesible unha análise precisa, rápida e a gran escala incluso a entidades con recursos computacionais modestos.